



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019)

En _____, __ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os encamiñados á promoción do emprego e apoio ás iniciativas de promoción turística.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa,





técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado IV.4 do citado protocolo exponse que en materia de Promoción do emprego o Concello de Vigo, entre outros procedementos, potenciará a inserción laboral e a creación de emprego;

Así mesmo, no apartado IV.5 do citado Protocolo exponse que en materia de Turismo o Concello de Vigo desenvolverá actuacións para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e o seu entorno, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento da primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019 e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

IV.- Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíse como unha das principais areas de desenvolvemento das industrias do metal. Este sector destaca polo seu potencial para o desenvolvemento da nova industria 4.0 para o sector metalúrxico e industrial de Vigo e toda a provincia de Pontevedra.

Segundo o Informe do Sector Metalmeccánico realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en 2017, entre as oportunidades para o sector en Galicia destacan: a posibilidade de alianzas estratéxicas, o crecemento das innovacións en tecnoloxías e a súa aplicación nos equipos produtivos e as plataformas de internacionalización cara a mercados exteriores.

O sector industrial e concretamente o sector metalúrxico, metalmeccánico e a súas tecnoloxías asociadas representan máis do 21% del PIB de Galicia, englobando diversas actividades.

Á vista destes indicadores a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", organiza a primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019, coma feira industrial referente no Polo Ibérico que se celebra en Vigo do 10 ao 12 setembro.

V.- Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á





creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

A oportunidade da organización desta primeira "FERIA DO METAL" en Vigo, na cal participarán profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estructuras Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc., ten unha gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que converte esta Feira nun gran escaparate para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector do Metal e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VI.- Que, dacordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de cualificación da promoción turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías





Baixas, no marco da celebración os días 10,11 e 12 de setembro de 2019 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2019), na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polo económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CEN MIL euros (100.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada dacordo co proxecto subvencionado achegado pola entidade. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.





1.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.462.14 do orzamento provincial-Concellos/Convenios.

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH" do orzamento do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervintes terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	Entidade	TOTAL
2019	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	45.000,00 €
2019	CONCELLO DE VIGO	55.000,00 €
TOTAL		100.000,00 €

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019". Dita sociedade é a entidade organizadora de dita Feira, polo que é titular do dereito exclusivo vinculados a organización do evento.

3º.- O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarase a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do convenio, que se





reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019", tendo en conta a condición de entidade organizadora da cita Feira.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
 - Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019".
 - memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
 - facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
 - conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - certificación de pagamento a favor da "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019", asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 13:34

Páxina 6 de 11

Expediente 16712/77

CSV: 28EFC7-D858DD-A6C225-V1FA1C-LAAUQ9-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL euros, (45.000,00€) o que supón o 45,00 % do custe da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial





núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.





OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 10, 11 e 12 de setembro de 2019, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.





2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de
Vigo

A Presidenta da Deputación de
Pontevedra

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

A Secretaria do Goberno Local do

O Secretario Xeral da Deputación de



CONCELLERÍA
DE
EMPREGO

CONCELLO
DE VIGO



Concello de Vigo,

Pontevedra,

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 13:34

Páxina 11 de 11

Expediente 16712/77

CSV: 28EFC7-D858DD-A6C225-V1FA1C-LAAUQ9-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>